
Teresa Moure: *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*. A Coruña: Universidade, Servizo de Publicacións, 2011, 132 páxinas.

En 2011 viu a luz *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*, unha obra en que Teresa Moure afonda no concepto de ecolingüística evidenciando que non se trata dunha simple moda, senón dunha reflexión crítica e profunda sobre o que é e o que debe ser a lingüística.

A obra componse de catro capítulos en que se realiza unha revisión do papel da lingüística dentro do conxunto do coñecemento e a súa relación coa linguodiversidade, seguida dun achegamento á pouco estudada relación entre linguaxe e cosmovisión, para rematar cun pequeno capítulo, exposto como un “dilema moral”, en que se propón o camiño que cómpre seguir. Faise isto desde unha perspectiva didáctica xa que, ademais de ser un texto accesíbel para persoas alleas á lingüística, inclúe numerosas exemplificacións das cuestións que se expoñen, así como exercicios que permiten realizar unha reflexión máis profunda sobre elas.

No capítulo inicial, “A lingüística no conxunto do coñecemento” (p. 7-21), descríbense dous tipos de problemas interrelacionados que presenta este eido: por unha banda, o sistema educativo fai que chegue á sociedade unha visión moi reducida do que supón a lingüística, pois só se identifica coas normas para o uso correcto da lingua, de xeito que fica esquecido o estudo do fenómeno da linguaxe que, para a autora, supón a parte de maior interese dentro dos estudos lingüísticos (cuestións como a relación entre a evolución da capacidade da linguaxe e a evolución biolóxica, ou a representación simbólica da realidade); por outra, a diversidade de disciplinas, obxectivos e metodoloxías que presenta esta área dificultan a reflexión sobre o seu papel no conxunto do coñecemento e, en consecuencia, a divulgación do coñecemento producido pola investigación. É dicir, dalgún xeito estamos perante un círculo vicioso: o sistema educativo transmítelle á sociedade unha visión moi superficial da lingüística, mais as súas características como área de coñecemento dificultan tamén a divulgación das súas achegas.

Realízase ademais unha introdución ao paradoxo entre a unidade e a diversidade lingüísticas, é dicir, ao feito de as linguas seren diferentes entre elas mais, aínda así, teren unha certa unidade. Explícase que esta linguodiversidade se presenta na tradición occidental como unha eiva, unha visión reflectida xa no mito bíblico de Babel. Deste xeito, a diversidade (lingüística ou de calquera outro tipo) supón a existencia de realidades diferentes á propia, realidades descoñecidas

perante as que xorden a inseguridade e o medo, uns sentimentos que teñen como consecuencia intentar impor o propio ao tempo que se invisibiliza e caracteriza negativamente o diferente. É dicir, estamos ante a creación dos prexuízos, que non só son produto dese medo ao diferente, senón tamén unha ferramenta para combatelo. Exponse que esta reacción fronte á diversidade lingüística pódenos permitir recuperar a seguridade que achega o que nos é familiar, mais priváanos do acceso a outras cosmovisións e ao coñecemento que agochan, ademais de afastarnos da posibilidade de reflexionarmos e cuestionármolos a nós mesmas/os e as convencións que asumimos como naturais. Así as cousas, preséntase a gramática xa non como a regulación dos usos correctos e incorrectos dunha lingua, senón como “un conxunto de instrumentos para atraparmos a realidade” (p. 21), polo que o principal cometido da lingüística é o estudo da facultade da linguaxe humana, “unha facultade que se ocupa de todas as linguas, que as compara, que as mide, que pretende desenmascarar os seus xogos para tirar á luz un esqueleto en común” (p. 21). Este esqueleto común son os coñecidos como universais da linguaxe que, segundo a autora, supoñen a chave para comprendermos quen somos e a nosa historia como especie, mais trátase dunha chave espallada en anacos nas linguas e que só podemos reconstruír coñecendoas e estudándoas.

A continuación, no capítulo titulado “As linguas do mundo” (p. 23-72), exponse que, malia a linguodiversidade ter unha grande importancia para os estudos lingüísticos, a actitude da lingüística cara a ela non se caracteriza precisamente por ser positiva. A ciencia da linguaxe non só non intervén na defensa da diversidade lingüística, senón que reflicte ao longo da historia unha actitude eurocéntrica, ao servizo da colonización, de xeito que prima o estudo dun certo grupo de linguas, as europeas, das que se describen versións idealizadas carentes de variación. Trátase, polo tanto, dunha actitude hostil cara á linguodiversidade, que vai ligada ademais á difusión da definición de linguaxe como ‘instrumento de comunicación’, obviando que se trata tamén dun mecanismo de poder. A autora indica que nin tan sequera coñecemos con exactitude o número de linguas existentes no mundo, un dato que segundo as fontes varía entre as 3500 e as 12 000. Explicase que esta importante imprecisión obedece a diferentes causas: a definición de *lingua* aínda presenta dificultades, séguense a descubrir novas linguas e, ademais, as persoas que se dedican á investigación lingüística seguen a ser prototipicamente profesionais de gabinete, que toman os datos de terceiras persoas sen realizaren traballo de campo. Sublíñase que esta imprecisión é especialmente grave nun momento en que urxe realizarmos inventario por estarmos perante unha importante e rápida perda de linguas. Existen iniciativas nesta dirección, entre as que se destaca o catálogo *Ethnologue*, por ser o máis completo e estar en permanente actualización, malia presentar problemas como o feito de estar ligado a unha institución católica. Neste senso, aínda que a autora non

realiza esta recomendación, quizais fose interesante botar a andar un catálogo aberto e colaborativo na rede que, de converterse nun proxecto cun número importante de persoas usuarias, podería dar lugar a unha listaxe máis completa e froito dun debate máis amplo, ademais de salvar os problemas que na obra se lle achacan ao *Ethnologue*.

En relación con isto, explícase que a morte das linguas non é unha cuestión inocente, senón que é o produto da represión lingüística, que se exerce especialmente na escola (malia que investigacións coma as de Tove Skutnabb-Kangas insisten na relación directa entre o uso da lingua inicial na escola e a mellora dos resultados académicos). Neste punto detense a autora no caso do galego, cuestionando que sexa o concepto de *diglosia* o que mellor o describe, xa que na situación actual o galego é usado por moitas persoas en todos os ámbitos, tamén por persoas que non o tiñan como lingua inicial, e existe ademais unha tendencia cara ao monolingüismo (en galego ou en castelán), máis forte que o comportamento diglósico, aínda que isto non impide que siga a presentar os indicadores que alarman do perigo de morte dunha lingua. Perante esta situación, que canda o galego sofren moitas outras linguas, a alternativa proposta é a de traballarmos pola recuperación da dignidade da lingua propia para despois favorecermos o desenvolvemento das outras linguas que conviven connosco. Trataríase dun modelo plurilingüe ben diferente ao defendido pola Administración na actualidade.

Para facérmonos unha idea da situación de perigo en que se atopan a maioría das linguas, cítase a advertencia que Michael Krauss realizou xa en 1992: a fins do século XXI o 90% da diversidade lingüística podería ter desaparecido. Porén, explícase que a postura de boa parte da lingüística perante este tipo de advertencias foi a inacción, converténdose así en cómplice da situación. Con todo, tamén comezaron a xurdir algunhas voces que avogan por intervir para reverter o proceso, subliñando que as linguas non morren coma se dun organismo natural se tratase, senón que son asasinadas, feito ao que se lle adoita restar importancia botando man dun criterio pragmático: as linguas con máis falantes permítennos comunicarnos con máis persoas e, polo tanto, son máis útiles, de xeito que a perda de linguas con poucos falantes non sería vista coma un verdadeiro problema.

Realízase tamén un achegamento ao concepto de *lingua*, lembrándonos, en primeiro lugar, que se trata dunha abstracción, pois dentro dunha variedade considerada como *lingua* existe tamén variación. En segundo lugar, indicásenos que cómpre ter en conta que os criterios empregados para decidir se unha variedade é ou non unha lingua son moi heteroxéneos (lingüísticos, históricos, sociais etc.), o peso duns ou doutros pode variar en cada caso, e mesmo se afirma que é unha decisión que “nin sequera depende primariamente de cuestións lingüísticas” (p. 61).

A dificultade de definirmos que é unha lingua non só supón un problema para establecermos o catálogo das linguas do mundo, senón tamén para analizarmos o grao de perigo desa linguodiversidade. A autora recorre aos datos do *Ethnologue*, que nos permiten facer un bosquexo da situación: case 1500 linguas están na actualidade nunha situación crítica, ao contaren con menos de 1000 falantes. Ademais, insístease en que cómpre desbotar a visión distorsionada que a sociedade ten da situación das linguas no mundo, é dicir, desbotar mitos como que aquelas que están ligadas a un estado son moito máis importantes, ou que os estados son por defecto monolingües, así como dar a coñecer datos que permitan ter unha idea máis aproximada á realidade da situación dalgunhas linguas (como que o galego está entre o 2,4% das linguas con máis falantes do mundo). Tendo en conta isto, avógase por unha mudanza no sistema educativo, para que deixe de ser cómplice da difusión deste tipo de mitos, así como pola necesidade de que a lingüística interveña para reverter a situación.

No terceiro capítulo da obra, “Linguaxe e cosmovisión” (p. 73-113), realízase, tal e como reza o título, un achegamento á linguaxe e á súa relación coa visión do mundo. Comézase facendo referencia á “conflitiva definición de linguaxe”, pois a lingüística define este concepto desde tres perspectivas. A primeira delas é a concepción da linguaxe como un ‘instrumento de comunicación’, que prima polo tanto aspectos sociolóxicos e pragmáticos. Advírtesenos que se trata dunha definición que pode chegar a ser perigosa de abusarmos dela, xa que nos pode levar a valorar as linguas en función do seu número de falantes. Unha segunda concepción da linguaxe é a de ‘sistema de representación do mundo’, que prima os aspectos biolóxicos e psicolóxicos fronte aos ambientais. A terceira perspectiva é a que define a linguaxe como un ‘mecanismo de poder’, de xeito que mesturan aspectos das dúas anteriores, pois concíbese como un mecanismo que nos permite intervir na realidade. Explicase que, como instrumento de comunicación, a linguaxe permítenos manexar as relacións lingüísticas de poder, mentres que a representación do mundo a través da linguaxe pode ser “submisa e alienada” ou ben converterse nunha ferramenta “transformadora e revolucionaria”. Aínda que estas tres concepcións son complementarias, a lingüística parece primar excesivamente a primeira, escurecendo as outras dúas e, especialmente a terceira, que para a ecolingüística é a que ten maior interese. Nesta liña revísase a hipótese da relatividade lingüística (segundo a cal a lingua condiciona a nosa visión do mundo), pois se ben existen representacións condicionadas pola gramática (por exemplo, a estrutura temporal en *pasado – presente – futuro*) que inflúen na nosa visión da realidade, isto non pode observarse desde unha óptica determinista, xa que podemos actuar para mudarmos eses condicionamentos se for preciso. Así, explícasenos que a ecolingüística avoga pola realización e divulgación dunha

reflexión crítica sobre a linguaxe, que nos permita recoñecer nela os valores que non compartimos (por exemplo, sexismo, racismo, dominación sobre a natureza) e intervir para mudalos, no canto de seguirmos a reproducilos e a consagralos.

Neste senso, indicásenos que ao nomearmos unha realidade estamos establecendo a súa existencia, polo que a linguaxe está “«ecoloxicamente» motivada” (p. 102), e das motivacións xurdidas en diferentes ambientes xorden diferentes solucións, que están na orixe da diversidade lingüística, aínda que non se trata dunha diversidade infinita, senón que está limitada por fundamentos universais (neuronalis, perceptivos, cognitivos). Así as cousas, explícase que, perante o problema da morte das linguas no mundo, a ecolingüística non só defende o dereito de cada comunidade a conservar a súa lingua, senón o dereito de toda a humanidade a ter acceso a outras cosmovisións e ao coñecemento que agochan. Para entendermos mellor a postura da ecolingüística quizais fose preciso deterse neste punto nos conceptos de *medioambientalismo* e *ecoloxismo*, que non se explican na obra, mais dos que a autora botou man noutras ocasións, como na conferencia “Do activismo ecolóxico ao activismo lingüístico” no marco das *VIII Xornadas sobre lingua e usos. Lingua e ecoloxía* organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC. O medioambientalismo é unha postura que busca a conservación da natureza en función dos intereses humanos, mentres que o ecoloxismo non é tan antropocéntrico, senón que defende o valor intrínseco da natureza, así como a necesidade de reflexionarmos e intervirmos para camiñarmos cara a unha racionalización do aproveitamento dos seus recursos. Do mesmo xeito, para a ecolingüística as linguas teñen un valor intrínseco e con iso abonda para que deban ser defendidas, sen necesidade de recorrermos a argumentos utilitaristas que se poden volver na nosa contra. No segundo capítulo advertíase nos de que se usa en ocasións o argumento do número de falantes para a defensa do galego, aludindo ás portas que nos pode abrir pola vía do portugués, mais aínda que isto pode ser un valor engadido, non se pode converter no argumento principal para a defensa da lingua, pois implicaría que outras linguas sen esas posibilidades carecen do dereito a seren defendidas.

A obra remata cun pequeno capítulo, a modo de conclusión, en que se expón “Un dilema moral” (p. 115-120): debemos respectar a toma de decisións que consideramos equivocadas sen intervirmos ou, pola contra, podemos intervir para achegarmos información que podería facer cambiar esas decisións? A autora conclúe que temos a obriga de intervirmos para achegarmos toda a información que consideremos que pode afectar á toma dunha decisión, de xeito que esa decisión poida ser realmente libre. Así, explícase que, no que se refire á morte das linguas, temos tamén a obriga de darmos a coñecer as consecuencias deste proceso, unha información que seguramente teña o efecto de poñérense máis medios para revertelo. Na mesma liña, deféndese que para o caso concreto do galego cómpre difundirmos a información

que permita dignificalo e partir de aí, do respecto cara a nós mesmas/os, cultivarmos as outras linguas que cohabitan con el.

Estamos, en síntese, perante unha obra de grande interese, que supón unha reflexión crítica sobre a lingüística, da que se conclúe que é necesaria unha revisión urxente da forma de actuar desta área de coñecemento, e que esta revisión tamén debe facerse desde unha óptica galega. A lingüística non só actúa contra os seus propios intereses ao contribuír á perda da linguodiversidade, necesaria para abordar o estudo da linguaxe (que debe ser o seu principal obxecto de estudo), senón que tamén o fai contra os intereses da sociedade, contribuíndo á divulgación de visións distorsionadas da realidade e favorecendo a difusión de mitos e prexuízos. Cómpre, polo tanto, que a ciencia da linguaxe adopte unha posición activa na defensa da linguodiversidade e que difunda de xeito efectivo a importancia de conservármola, no canto de manter unha actitude pasiva, aparentemente inocente, mais que está a contribuír á perda desa diversidade e, polo tanto, á perda da posibilidade de accedermos a outras cosmovisións que nos permitan reflexionar e cuestionar a nosa propia visión do mundo, un primeiro paso para identificarmos e mudarmos os elementos que representan valores que non compartimos e, en definitiva, para construírmos unha sociedade máis xusta.

Luz Varela Armas

Referencias bibliográficas

Moure, T. (2011): “Do activismo ecolóxico ao activismo lingüístico”, conferencia pronunciada nas *VIII Xornadas sobre lingua e usos. Lingua e ecoloxía* (30 de novembro e 1 de decembro de 2011), organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña. Audio dispoñíbel en http://www.ivoox.com/teresa-moure-audios-mp3_rf_1012121_1.hym1 [Consult. 03.06.2012].